


LEI DE HOOKE

OBXECTIVO: Comprobar experimentalmente a proporcionalidade entre as forzas aplicadas e os alongamentos producidos nun resorte elástico.

MATERIAL: Resorte elástico, cinta métrica, pesas de 50 g, soporte con noz e barra, portapesas, papel milimetrado.

PROCEDEMENTO: Fai a montaxe da figura e mide o alongamento (Δl) producido no resorte ó colgarlle unha masa de 10 g, 60 g, 110 g, 150 g, 210 g.



Cubre a seguinte táboa de valores (fixate nas unidades)

Masa, m (kg)	Forza, F (N), $F=m \cdot g$	Alongamento, Δl (m)
0	0	0
0,01		
0,06		
0,11		
0,16		
0,21		

ACTIVIDADES:

1. Fai con estes datos unha gráfica en papel milimetrado na que representas os alongamentos obtidos (Δl) fronte ás forzas aplicadas (F). A forza aplicada nestes casos é o peso $F = m \cdot g$.
2. ¿Qué forma ten a gráfica?. Relaciona a forma da gráfica coa lei de Hooke
3. Calcula o valor da constante elástica do resorte, k . (Será a pendente da gráfica)
4. Calcula, con axuda da gráfica ou do valor de k , o peso dun obxecto teu, por exemplo unhas chaves.